

¿Que é AGACA?

A Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias, AGACA, nace en 1988 para representar ao cooperativismo agrario e ás S.A.T. de Galicia en todas as súas vertentes: económica, empresarial, social e tamén profesional e humana dos socios. Defende un estilo de vida social e empresarial baseado na honestidade, a transparencia, a responsabilidade e o esforzo común.

AGACA integra a máis de 100 cooperativas agrarias e Sociedades de Transformación das catro provincias galegas, que aglutinan a máis de 25.000 socios. Estuda todas as posibilidades de desenvolvemento dos distintos sectores que configuran o espazo agrario. Promove e impulsa os proxectos axeitados, na procura dun progreso empresarial e socioeconómico que favoreza unha óptima calidade de vida dos cooperativistas.

AGACA forma parte de Cooperativas Agro-alimentarias de España e da Confederación Xeral das Cooperativas Agrarias da Unión Europea –COGECA–.



Asociación Galega de
Cooperativas Agroalimentarias

www.agaca.coop



Facebook/agaca



@CoopAgr_Galicia

Infórmate nas nosas oficinas


Santiago de Compostela
Rúa Tomiño 22, soto - C.P. 15703
Telfs.: 981 584 783 - 981 584 911
Fax: 981 571 730
Apdo. de Correos 2069
agaca@agaca.coop

Lugo
Rúa Poeta Noriega Varela 30, entreplanta - C.P. 27004
Telfs.: 982 201 514 - 982 201 543
Fax: 982 202 056
agacalugo@agaca.coop

Ourense
Rúa Bedoia 7, 2ª (Oficina) - C.P. 32004
Telfs.: 988 242 481
Fax: 988 242 480
agacaourense@agaca.coop



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



SERVIZOS AGACA

- ✓ Representación
- ✓ Información Sectorial
- ✓ Revista *Cooperación Galega*
- ✓ Consultoría
- ✓ Calidade
- ✓ Enxeñería Sostible
- ✓ Comercialización e Internacionalización
- ✓ Estudos Socioeconómicos
- ✓ Formación
- ✓ Innovación Alimentaria
- ✓ Seguros

Unha das principais vantaxes de pertencer a un colectivo coma AGACA é que nunca terás a sensación de atoparte perdido ou só na túa actividade empresarial. Os servizos máis destacados ofrecidos pola Asociación son:

Representación Profesional

Para AGACA, cada cooperativa é importante. A nosa finalidade é reunir e canalizar todas as propostas dos socios ante os foros correspondentes, de xeito que as entidades asociadas se sintan ben representadas e defendidas. AGACA exerce a súa actividade a nivel autonómico, estatal e internacional, en todos os foros nos que se dirimen os intereses do cooperativismo agrario. Fomentamos o diálogo e a intercooperación entre os sectores a todos os niveis.


Información Especializada

Estar ao día das novas e decisións que nos afectan, dos acordos adoptados, das axudas aprobadas, dos avances tecnolóxicos...sitúanos nunha posición privilexiada para ser competitivos nun mercado globalizado, multisectorial e diversificado. Así, emitimos informes sectoriais, achegamos todas as novidades legislativas e técnicas, organizamos xornadas formativas e mantemos un vínculo informativo constante e bidireccional co resto da sociedade. Ademais divulgamos a actualidade cooperativa a través da revista *Cooperación Galega*, da web e das redes sociais.



Calidade

- ✓ Referencial Leite de Vaca Certificado de Cooperativa (RLVCC)
- ✓ Manuais de boas prácticas
- ✓ Análise de Perigos e Puntos de Control Críticos (APCC)
- ✓ Implantación de sistemas de trazabilidade
- ✓ Tramitación de Rexistros Sanitarios
- ✓ Diagnóstico e control de calidade
- ✓ Xestión de subvencións



Consultoría

- ✓ Estudos de viabilidade económico-financeira
- ✓ Acompañamento integral a emprendedores
- ✓ Asesoría contable, fiscal, laboral e xurídica en cooperativas, explotacións agrarias, autónomos e outras empresas
- ✓ Especialistas en constitución de cooperativas e S.A.T.
- ✓ Ordes de Axudas: vixilancia e xestión



Comercialización e Internacionalización

- ✓ Impulso e coordinación da participación conxunta en Feiras e eventos de promoción, nacionais e internacionais
- ✓ Asesoramento e extratexias de comercialización das cooperativas agroalimentarias
- ✓ Colaboración con Organismos públicos, difusión de información, convocatorias, tendencias de consumo e prezos e informes de mercados exteriores



Seguros

- ✓ Asesoramento personalizado
- ✓ Especialización en seguros relacionados co sector agroalimentario
- ✓ Ampla oferta de produtos
- ✓ Prezos altamente competitivos



Estudos Socioeconómicos

- ✓ Sectoriais, demográficos, de xénero, etc.
- ✓ Plans Estratéxicos de Empresa
- ✓ Plans de Competitividade (guías de competitividade e cadro de mando integral)
- ✓ Plans de Marketing (planificación da política de produtos, mercados, distribución, marca, prezos, comunicación externa e interna)
- ✓ Investigación de mercados



Formación

- ✓ Ampla oferta formativa especializada
- ✓ Flexibilidade horaria
- ✓ Accesibilidade a todos os niveis formativos
- ✓ Aplicabilidade inmediata ao posto de traballo



Enxeñería Sostible

- ✓ Proxectos de enxeñería
- ✓ Estudos urbanísticos
- ✓ Fontes de financiamento
- ✓ Seguridade e Calidade
- ✓ Aforro enerxético
- ✓ Desenvolvemento Sostible



Innovación alimentaria

- ✓ Difusión de información sectorial e convocatorias, vixilancia tecnolóxica sectorial
- ✓ Apoio técnico a proxectos de I+d+i; xestión integral de proxectos nacionais e europeos
- ✓ Redes de Innovación, colaboración con Clusters, Universidades, Centros Tecnolóxicos...

